

# A Federación Galeusca reafírmase na súa oposición á LOMCE

Redacción | 28 de Outubro de 2013



aelg

A necesidade de apostar polas literaturas infantil e xuvenil nacionais foi unha das conclusións da Federación Galeusca que se reuniu esta fin de semana en Pontevedra. Representantes das literaturas galega, catalá e vasca reafirmáronse na súa oposición á LOMCE.

Trinta anos despois da primeira xuntanza das asociacións de escritores e escritoras catalá, vasca e galega, a Federación Galeusca reafirmou en Pontevedra a súa vontade de apostar polas literaturas das tres nacións, en especial, pola escrita infantil e xuvenil, tema do encontro anual do

que, desta volta, era a AELG anfitrión. Nas conclusións da Asemblea anual, a Federación reafirmouse nos contidos do comunicado aprobado no mes de marzo no que mostraban a súa oposición á LOMCE por ser “unha lei que resta estatus educativo aos nosos idiomas propios e oficiais, símbolos identitarios das nosas nacións e instrumentos de traballo para as persoas que creamos corpus literario nas súas diferentes manifestacións”. Nun dos puntos das conclusións aprobadas na Asemblea, manifestan o “seu carácter regresivo e recentralizador é visible nos decretos que se están aplicando en Galicia, País Valenciá e Illas Balears” e solidarízanse coas mobilizacións desenvolvidas nos tres territorios con linguas propia.

Despois de dous días de debates e posta en común, a Federación Galeusca sinalou a necesidade de apostar por unha literatura infantil e xuvenil “viva, visibilizadora, cohesionadora, formadora de valores, superadora de estereotipos e prexuízos, arraigada no imaxinario propio e na expresión lingüística dos nosos respectivos territorios, que axude a interconectarnos con outras culturas”.

## Literaturas “acosadas”

“A nosa consciencia das alertas e ameazas da barbarie negadora e desposuidora dos valores que acosan as nosas literaturas; despois de debater e compartir reflexións sobre as distintas problemáticas, constatamos e renovamos o compromiso ilusionante de continuar co noso labor creador a nivel individual e como colectivo interrelacionado cos outros sectores culturais e sociais”, defenderon, nun comunicado final que fixeron público como conclusión dunhas xornadas que xuntou en Pontevedra representantes das literaturas galega, vasca e cataláns, en especial con dedicación á escrita de públicos de menor idade.

Alertaron tamén, dunha reforma da Lei de Propiedade Intelectual que estableza novos recortes aos dereitos de autores e autoras que afectan, de maneira especial, á entidade de xestión CEDRO, “cuxa continuidade se

ve seriamente afectada”.

O presidente da asociación catalá, Guillem-Jordi Graells será o novo responsábel máximo da Federación, despois da Asemblea de Pontevedra.